

## XXII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A integración lingüística como ferramenta de cohesión social

---

Consello da Cultura Galega  
13-19 de novembro de 2020

### Conclusións

---

A partir das intervencións, dos debates, das preguntas e dos comentarios realizados nas diferentes sesións de traballo, a Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (<http://consellodacultura.gal/arquivos.php>), organizadora dos *XXII Encontros para a normalización lingüística. A integración lingüística como ferramenta de cohesión social* (13-19 de novembro de 2020), elaborou este documento conclusivo que cre pertinentefacer de dominio público.

1. Os procesos migratorios non son un fenómeno novo, pero si son particulares as características con que se manifestan no que levamos de século. En comparanza con outras zonas do Estado, Galicia é, en xeral, un territorio pouco atractivo para a poboación estranxeira (só acolle o 2 % do total da asentada en España). Pero, mirado desde un plano lingüístico, a realidade permite moitas máis análises: moita desa emigración ten vínculos coa diáspora galega do séc. XX (case a metade procede de América e un terzo de Europa); unha parte relevante procede de países lusófonos (o 13%, de Portugal e o 8%, do Brasil); unha porcentaxe significativa de galegos naceu fóra de Galicia (case un 10%, no estranxeiro, e un 5% noutra comunidade autónoma). O trazo socioeconómico máis relevante do colectivo migrante é a súa vulnerabilidade social (máis da metade están en risco de sufrir pobreza), así como unha situación laboral, e aínda administrativa, precaria ou directamente irregular.
2. A necesaria integración social destes colectivos é unha necesidade que: (a) debe partir das súas circunstancias vitais reais; (b) debe considerar como un eixe básico a adquisición de competencias lingüísticas, integrando o concepto de sustentabilidade social á

xestión do multilingüismo; e (c) debe evitar tanto un enfoque asimilacionista coma outro illacionista, xa que ambos comparten un modelo de sociedade baseado na homoxeneidade e contrario ao multiculturalismo que cómpre defender en sociedades diversas como a nosa.

3. A realidade amosa que en Galicia non se están aplicando as políticas necesarias para que a poboación inmigrante poida adquirir competencias lingüísticas en galego. Bótase en falta unha planificación integral e unha coordinación, que lle corresponde á administración autonómica, así como unha execución colaborativa entre distintos niveis administrativos e entidades privadas. Esas carencias son especialmente evidentes cando confrontamos a actividade que se desenvolve en Galicia coas políticas postas en práctica noutros territorios bilingües do Estado, e das que podemos ver exemplos [nunha sesión](#) destes *XXII Encontros*.
4. As carencias na planificación son evidentes no ámbito educativo, onde a Administración establece un marco legislativo que só proporciona unhas directrices xenéricas que cada centro decide transformar en accións concretas (case sempre con recursos moi escasos) ou non. Este escenario debe superarse para desenvolver unha regulación que sirva de base a actuacións planificadas e dotadas economicamente que atendan as necesidades do alumnado inmigrante, que non dependan do voluntarismo e a autoorganización do profesorado ou doutros axentes vinculados ao mundo educativo, que contén con recursos humanos e materiais adecuados, e que fomenten a coordinación e o intercambio de experiencias. A experiencia do [modelo que se está a desenvolver en pilotaxe en Euskadi](#) debería terse presente no momento en que en Galicia se aposte por planificar e organizar un programa de acollida no ámbito do ensino non universitario, sempre adaptado á nosa realidade.
5. Ese traballo de planificación debe concretarse nunha oferta maior e máis diversificada de actuacións formativas, superando o escenario actual, basicamente limitado a uns cursos CELGA que, tal e como están formulados, non serven para garantir o acollemento, a integración e a cohesión social destas poboacións. Pero ademais, esa planificación debe ter en conta as particularidades sociolóxicas, económicas e culturais dos colectivos a quen se dirixe, no que ten que ver: (a) cos procesos de información e inscrición (dificultades para acceder á información, obstáculos para a matriculación debido á situación

irregular en España...); (b) coas posibilidades de seguir a formación con regularidade (problemas de conciliación, grao de alfabetización, situación laboral e xornadas de traballo...); e (c) co recoñecemento que se acada ao superar esa formación (debería supor un mérito para a súa integración administrativa, por exemplo por razóns de arraigamento).

Todo o anterior debería terse en conta á hora de deseñar as actividades, determinar modalidades formativas, establecer horarios e requisitos de acceso, etc.

6. Esa planificación debe desbotar o uso de métodos asimilacionistas, que tenden a interpretar como resistencias as actitudes lingüísticas de parte do alumnado estranxeiro, e fundamentarse nunha visión positiva do intercambio de linguas, culturas e experiencias: nós regalámoslles a nosa, respectamos a súa e estamos abertos a ela, pois así transmitimos valores de riqueza cultural.
7. Ademais desa planificación "vertical", cómpre tamén fomentar outra "horizontal", que promova a colaboración e a coordinación entre diferentes administracións, entre departamentos da mesma Administración, e entre administracións e entidades públicas e privadas (ONG, asociacións de inmigrantes, profesionais, deportivas, culturais...). Dentro do sistema educativo, ese labor debería vertebrarse arredor do CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación), que debería formar o profesorado para o acollemento de alumnado doutros territorios e culturas, así como estimular a constitución de equipos que elaboren e compartan recursos didácticos dirixidos a este fin. Igualmente, é preciso fomentar a colaboración e o intercambio de experiencias entre os servizos de normalización lingüística (que organizan moitas das iniciativas dirixidas a colectivos de adultos) e os centros educativos, pois boa parte dos materiais, dos recursos, das actividades, poden ser útiles en ambos os ámbitos.
8. Se esa colaboración e coordinación dan funcionamento, será posible acadar outro obxectivo que hoxe segue estando moi afastado: que as distintas actuacións formativas, ou que incorporen a formación lingüística entre os seus obxectivos, tezan unha rede entre os distintos ámbitos en que as persoas migrantes desenvolven a súa vida social (familiar, escolar, deportivo, cultural, profesional...) e intenten atraer cara a elas a todos os membros das unidades familiares. A través desa rede debería fomentarse a participación conxunta da poboación galega e da inmigrante nas

actividades (extraescolares, deportivas, socioculturais), para evitar a conformación de guetos.

9. A formación non se debe limitar a transmitir habilidades comunicativas, senón que ten que traballar tamén sobre os prexuízos lingüísticos presentes tanto na poboación estranxeira coma na poboación galega. De feito, moitos dos prexuízos que manifestan os primeiros son o resultado de absorber as percepcións ambientais que circulan na sociedade galega con respecto a cuestións como "para que serve o galego?", "por que hai que aprendelo?".

10. Os Encontros dedicaron tamén un espazo preferente ao sistema de avaliación CELGA, que é, basicamente, o marco formativo que se lle ofrece á poboación estranxeira que quere aprender galego. A este respecto cómpre facer as seguintes apreciacións:

- O que coñecemos como CELGA é un sistema de avaliación, e non un sistema de formación en lingua galega para adultos.
- Como sistema de avaliación é correcto e equiparable ao empregado na maioría das linguas europeas integradas en [ALTE](#), aínda que ten aspectos organizativos mellorables, como o escaso número de convocatorias de probas que se realizan cada ano.
- É o sistema de formación en lingua galega para adultos o que presenta numerosas eivas á hora de garantir o acollemento, a integración e a cohesión social. Moitas delas xa se apuntaron nestas Conclusións, e teñen que ver coa estrutura da formación (a distancia, excepto nas grandes cidades; pouca flexibilidade...), coas vías para acceder a ela (só unha convocatoria ao ano, deficientemente publicitada, que impide o acceso a persoas en situación irregular...) ou cos materiais formativos que se ofrecen.
- Debería deixar de orientarse exclusivamente á preparación de probas CELGA, e atender tamén á diversidade de necesidades comunicativas que pode presentar a poboación que demanda formación en lingua galega. Deste xeito, podería ser un instrumento moito máis proveitoso como vehículo de acollemento, integración e cohesión social.
- Finalmente, é preciso intervir sobre o uso que a Administración fai destes certificados. No canto de establecer perfís lingüísticos axeitados para os distintos



postos de traballo do sector público, valora como mérito crecente toda a estrutura de certificados CELGA, incluso para postos onde non serían precisas as competencias dos niveis máis elevados. Iso provoca que moita poboación perciba os certificados como un atranco para acceder a determinados postos de traballo para os que non é precisa unha elevada formación: listaxes de contratacións das administracións, accesos a actividades formativas para o emprego, obradoiros de emprego, etc.

Comisión Técnica do CDSG